

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA TRIXÉSIMO SEXTA EDICIÓ DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co **Concello de Ribadavia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o **30 de novembro de 2020**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de accións relacionadas coa trixésimo sexta edición da MIT-Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se celebrará nesta poboación ourensá entre os días 17 ao 27 de xullo de 2020, nunha edición especial marcada pola crise sanitaria vivida na actualidade, que celebra os trinta e seis anos do seu nacemento e cun cartel conformado na súa meirante parte por compañías galegas, con atención especial ao sector da danza e o impulso da nova dramaturxia galega. Obradoiros, presentacións de publicacións teatrais, así como un programa complementario de apoio ao teatro afeccionado, dan corpo á edición 36 da MIT.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Concello de Ribadavia vén organizando, como unha importante cita do eido escénico, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, un dos eventos máis importantes do sistema teatral galego recoñecido pola Xunta de Galicia co premio da Cultura Galega 2013 na modalidade de artes escénicas ao entendela como o principal catalizador da refundación da escena galega na década dos anos 70 do pasado século. Nacida en 1973 da man da Asociación Cultural Abrente, a mostra foi adquirindo en cada edición unha maior envergadura ata se converter na cita de referencia para o conxunto dos profesionais e afeccionados do teatro galego non só de Galicia senón tamén das comunidades limítrofes, que poden acceder deste xeito a propostas de prestixiosos artistas escénicos do panorama estatal e internacional así como ás creacións galegas máis innovadoras, na meirante parte dos casos consideradas estreos absolutas en Galicia. Consolídase, así, este evento como un importante foco de atracción e de dinamización socioeconómica de toda a comarca á vez que se fortalece o papel exclusivo e necesario que a Mostra cumpre no sistema cultural galego.

A crise da covid-19 está a producir desafíos sen precedentes en todo o sector cultural, polo que é vital seguir mantendo as sinerxías globais de cara a seguir impulsando a recuperación da actividade. O mantemento da actividade cultural é fundamental para que a cultura siga considerándose como un piar indispensable ao que non se pode renunciar.



Galicia conta cun tecido cultural de extraordinaria calidade, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer, especialmente en momentos de crise como os actuais, e a celebración da MIT de Ribadavia, como unha das citas que maior interese vén concitando nos últimos anos, pode converterse nun bo exemplo de volta á normalidade do eido escénico, unha cita na que reunir estreas canceladas durante estes meses de crise e na que a recuperación da confianza dos públicos resulta tamén fundamental. A Mostra, adaptada ás circunstancias actuais, coa maior parte das exhibicións ao aire libre ou en espazos que contemplan todas as medidas de seguridade, volverá ser referente do teatro contemporáneo, desta volta maioritariamente galego, ao estar conformada a maior parte da súa programación por compañías procedentes da comunidade autónoma, nunha clara aposta polo teatro galego nunha época na que cómpre apostar polo noso.

A Agadic e o Concello consideran, pois, esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2020 que profundicen na recuperación do sector teatral galego a través da colaboración neste evento, que destaca polo seu firme compromiso coa escena galega.

Na liña de recuperación da nosa cultura e co fin de acadar unha maior eficacia na consecución dos nosos obxectivos de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega e dado o interese común na posta en marcha tanto de novos programas coma de mellora dos xa existentes, é polo que se artella este convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Ribadavia que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades teatrais que enriquecen, sen dúbida, o noso patrimonio cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

